



**ACTA N.º 11/2013  
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 31 DE OUTUBRO DE  
2013**

**ASUNTOS**

*I.- PARTE RESOLUTIVA*

- I.1.- ACTAS SESIÓNS DO 26-09-2013
- I.2.- ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE NIGRÁN
- I.3.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO
- I.4.- REXEITAMENTO DE MULTA IMPOSTA A VECIÑO DE NIGRÁN
- I.5.- SITUACIÓN DOS PENSIONISTAS QUE TRABALLARON NO ESTRANXEIRO

*II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBIERNO*

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Alberto García Pazos
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño
- D.<sup>a</sup> Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Araujo Duarte
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Martínez Losada
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

- Non Adscrito:

- D. Ignacio Vilas González

---

Interventor: D. José Enrique Figueroa Costas  
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

**Outros datos da sesión:**

- *Data: Xoves, 31 de outubro de 2013.*
- *Lugar de celebración: Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán*
- *Carácter da sesión: ordinaria.*
- *Convocatoria: primeira.*
- *Hora de comezo: 10:03*
- *Hora de remate: 12:20*
- *Número legal de membros da Corporación: 17*
- *Número de membros asistentes no momento da constitución: 17*

***Incidencias:***

a) Alteracións no quórum de asistencia:

- *Concelleiros que abandonan a sesión, e momento en que o fan: D. Juan Antonio González Pérez, durante o debate do punto de rogos e preguntas.*

b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trattaron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

I.- **PARTE RESOLUTIVA**

**I.1.- ACTAS SESIÓN DO 26-09-2013**

As actas que se someten á aprobación corresponden ás sesións, ordinaria e extraordinaria, celebradas o 26 de setembro de 2013.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar ás actas sinaladas, distribuídas coa convocatoria, non se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometidas á votación as actas das dúas sesións do 26 de setembro de 2013 quedan aprobadas cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

**I.2.- ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE NIGRÁN**



A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 23 de outubro de 2013, informa favorablemente o expediente da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Nigrán, en consonancia coa seguinte proposta da Alcaldía:

De conformidade co establecido no Decreto 149/2013, de 24 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo (DOG número 182, do 24.09.13) é preciso que o Concello de Nigrán adapte as contías de participación dos usuarios no copagamento do servizo de axuda no fogar (SAF) tanto en réxime de dependencia como de libre concorrencia.

Tendo en conta que o Concello de Nigrán para facer efectiva a obriga de participar no custe do servizo por parte dos persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, deberá aplicar a táboa indicada no artigo 61 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e o seu financiamento (coa redacción dada ao mesmo polo Decreto 149/2013, de 24 de setembro, antes citado).

Tendo en conta as características dos actuais así como dos futuros usuarios do SAF (libre concorrencia) estímase que para o establecemento dos importes do prezo público existen motivos legais, sociais, benéfico-asistenciais, e de interese público que aconsellan fixar os importes do copagamento do SAF (libre concorrencia) polos seus usuarios por debaixo dos custes do servizo, e de conformidade co indicado pola Traballadora Social do Concello de Nigrán nun informe do día 17.10.13 con respecto á participación económica dos usuarios do SAF (libre concorrencia) nos custes do servizo (que se recolle no artigo 6.2 da nova ordenanza reguladora do correspondente prezo público no Concello de Nigrán).

Tendo en conta que o Concello de Nigrán ten en vigor unha ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (BOP número 107, do 8.06.10).

De conformidade co establecido na ordenanza xeral de prezos públicos deste Concello (publicada no BOP número 28, do 8.02.13), o Alcalde do Concello de Nigrán propón o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Nigrán:

**Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Nigrán**

**Artigo 1. Fundamento.** De conformidade co establecido nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e na ordenanza xeral de prezos públicos do Concello de Nigrán (BOP número 28, do 8.02.13), establecese o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (en adiante, SAF).

**Artigo 2. Concepto.** O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha

contraprestación pecuniaria que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do SAF (dependencia e libre concorrencia) e lles sexa concedida de acordo co previsto na lexislación aplicable e no regulamento do servizo.

**Artigo 3. Obrigados ao pagamento.** Están obrigados ao pagamento de prezo público regulado nesta ordenanza as persoas que se beneficien do SAF prestado polo Concello de Nigrán. No caso de que as persoas obrigadas ao pago carezan de capacidade de obrar, a obliga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

#### **Artigo 4. Contía.**

4.1 A contía do prezo público regulado nesta ordenanza para dependencia será o resultado de aplicar á capacidade económica referenciada ao indicador público de renda de efectos múltiples, IPREM, a táboa indicada no artigo 5.2 desta ordenanza.


4.2 A contía do prezo público regulado nesta ordenanza para libre concorrencia establecese en función do prezo/hora anualmente vixente para a prestación do servizo no contrato administrativo en vigor coa empresa que realiza o SAF no Concello de Nigrán, aplicando a táboa indicada no artigo 6.2 deste ordenanza

#### **Artigo 5. Determinación da capacidade económica e participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido, usuarias do SAF.**

5.1 De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 99/2012 do 16 de marzo coa redacción dada ao mesmo polo Decreto 149/2013, de 24 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, establecense os seguintes criterios para a determinación da capacidade económica e participación no financiamento do SAF polos seus usuarios:

5.1.1 A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o SAF, calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuge e a existencia de persoas conviventes, económicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, aplicaranse os criterios e regras da Resolución do 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia, sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do SAF, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

5.1.2 O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no SAF, constará na resolución do plan individualizado de atención (PIA) que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás



prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

5.2 Participación no financiamento do servizo según o artigo 61 do Decreto 99/2012 do 16 de marzo (en función da capacidade económica referenciada ao indicador público de renda de efectos múltiples, IPREM):

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Até	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00%	0,00%	0,00%	0,00%
115,00%	4,52%	9,61%	14,70%
125,00%	5,41%	11,50%	17,58%
150,00%	5,55%	11,79%	18,03%
175,00%	5,65%	12,00%	18,35%
200,00%	5,72%	12,16%	18,60%
215,00%	5,81%	12,34%	18,87%
250,00%	6,03%	12,82%	19,61%
300,00%	6,24%	13,26%	20,29%
350,00%	6,42%	13,63%	20,85%
400,00%	6,54%	13,90%	21,25%
450,00%	6,63%	14,09%	21,55%
500,00%	6,70%	14,25%	21,79%
>500 %	6,76%	14,36%	21,97%

5.2.1 Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresada no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas no SAF sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna das táboas anteriores para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

5.2.2 En nengún caso o importe da participación económica da persoa beneficiaria do SAF en concepto de copagamento poderá exceder o 90 % do custo do servizo

determinado en termos de prezo/hora.

**Artigo 6. Determinación da capacidade económica e participación no financiamento do servizo das persoas usuarias doutros servizos que impliquen o copagamento.**

6.1 De conformidade co establecido no artigo 60 do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, no SAF prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

6.1.1 Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a renda das persoas físicas.

6.1.2 Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obligas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións reguladas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

6.1.3 A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% de patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da suma entre o total de persoas que conviven no fogar.

6.2 Para a participación no custo do servizo do SAF básico en réxime de libre concorrenza, para as persoas que non teñan recoñecemento da situación de dependencia, ou ás que non asista odereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia (de conformidade co establecido no artigo 62 do Decreto 99/2012 do 16 de marzo) segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2008, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita referenciada ao IPREM:

Capacidade económica referenciada ao IPREM	Participación no custo do SAF básico
<= 80 %	0,00%
> 80 % e <= 100 %	10,00%
> 100 % e <= 120 %	15,00%
> 120 % e <= 140 %	20,00%
> 140 % e <= 150 %	25,00%



> 150 % e <= 170 %	30,00%
> 170 % e <= 200 %	35,00%
> 200 % e <= 225 %	40,00%
> 225 % e <= 250 %	50,00%
> 250 % e <= 275 %	60,00%
> 275 % e <= 300 %	70,00%
> 300 % e <= 350 %	80,00%
>350 %	90,00%

6.2.1 En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40 % da súa capacidade económica.

#### **Artigo 7. Obriga de pago.**

7.1 A obriga de pagar o prezo público, nace, en xeral, desde que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

7.1.1 Cada usuario (ou, se é o caso, o seu representante legal) está obrigado a depositar previamente o importe total mensual do prezo público en contas municipais nas entidades bancarias que designe o Concello, poidendo domiciliar o pago sen efectuar o depósito previo; domiciliación que autorizará o beneficiario (ou o seu representante legal) no momento da concesión do SAF e antes do seu comezo.

7.1.2. O prezo público mensual terá carácter ireductible.

7.1.3. Os servizos sociais do Concello remitirán á recadación, dentro dos cinco días do mes seguinte á prestación do SAF, a relación mensual de usuarios con especificación completa dos seus datos fiscais, número de horas de prestación do servizo, tarifa/hora, importe total a pagar por usuario, e documentos de domiciliación bancaria.

No suposto de suspensión temporal do servizo, sempre que a suspensión quede debidamente xustificada no expediente, o obrigado terá dereito á devolución da contía correspondente ao período de suspensión, se é o caso, e regularizarase na primeira mensualidade despois de reiniciarse o servizo. De non ser posible facelo así, procederase á devolución que no seu caso corresponda á conta indicada polo beneficiario na súa solicitude de prestación do SAF. En calquera caso será imprescindible o informe social da traballadora social, que se incorporará ao expediente individual/familiar.

7.2. Os usuarios do SAF están obrigados a comunicar por escrito os cambios producidos na súa situación persoal, social, familiar, económica, e patrimonial que incidan na prestación do servizo no prazo de 5 días desde que se produzcan; debendo comunicar tamén

por escrito a súa baixa ou suspensión voluntaria do servizo cun mínimo de 15 días de antelación, en caso contrario esixirase o pago total do prezo público.

7.3. A falta de pago de dúas cuotas mensuais consecutivas, ou de tres discontinuas nun período dun ano conllevará a interrupción da prestación do servizo e a declaración de baixa. A existencia de dúas ou máis interrupcions conllevará a supresión do servizo.

**Artigo 8. Modificación.** A modificación do prezo público establecido na presente ordenanza efectuarase de conformidade co establecido ao respecto na ordenanza xeral de prezos públicos do Concello de Nigrán (BOP número 28, do 8.02.13)

**Artigo 9. Entrada en vigor.** Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, e producirá efectos até a súa modificación ou derogación expresa”.

**Segundo.-** Tramitar, con posterioridade á entrada en vigor da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Nigrán, a derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (BOP número 107, do 8.06.10).

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Dª. Mª Carmen Alonso Macías Jorreto, concelleira delegada:* Indica que o Concello ten que adaptarse á nova normativa. Tómase en consideración a renda familiar para fixar a achega do usuario. O prezo será o mesmo para toda a Comunidade Autónoma. No Concello hai agora 27 usuarios. No relativo á libre concorrenza redúcense os tramos e aquí si inflúe o prezo establecido en cada Concello, que en Nigrán baixou como consecuencia da nova adxudicación do contrato.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Esta normativa obedece á filosofía da Xunta de cargar más custes sobre os usuarios. Non é un momento axeitado para aplicar un incremento deste tipo. A baixa na contratación do servizo non se dedicou a servizos sociais. Agora sería o momento de destinalo a minorar a carga que pesa sobre os veciños.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Pásase de taxa a prezo público e isto, sendo lóxico, permite algunha maldade. O grao de dependencia inflúe no copago, e aquí prexudica aos máis dependentes. No caso da libre concorrenza óptase por unha solución moi prexudicial, utilizando un cadro sen sentido coherente, derivado dunha mala interpretación. Pon un exemplo comparativo coa situación anterior, que leva a que nalgúns casos se pague o dobre que antes. Non é certo que cos novos tramos se estea beneficiando aos usuarios. Ademais, o feito de que haxa usuarios de libre concorrenza non implica que a súa situación persoal sexa mellor que a dos demais. Votará en contra.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Hai pequenas melloras, coma a do prezo/hora do custe do servizo despois da nova adxudicación. Non comparte que beneficie ás



rendas más baixas. Algunhas delas pasarán a pagar, cando antes estaban exentas. A consideración da situación económica familiar e non só do beneficiario, tamén pode ser positiva. No relativo á libre concorrenza hai incrementos considerables. A porcentaxe da renda de integración que opera como tope máximo da achega debería rebaixarse. Non se prevén bonificacións para casos excepcionais, coma a desestruturación familiar. Considera que é deficiente.

*Sra. Alonso Macías Jorreto:* Non éinxusto que nos tramos superiores de renda se pague máis. Hai casos de exclusión social que son valorados pola asistente social. O copago xa existía. Agora si se adapta. Baixou moito o prezo/hora e iso afecta á libre concorrenza favorablemente. E a asignación por tramos é más xusta.

*Sr. González Pérez:* Na Corporación anterior aprobouse co apoio do PP e votouse en contra do copago que impuña o PP na Xunta. Foi a Xunta a que nos obrigou a imoñer o copago. A norma nova é unicamente recadatoria.

*Sr. Rodríguez Fernández:* O problema do cadro son as desproporcións, cando os tramos son tan pequenos e se suman as subas que van duns a os outros. A maldade do prezo público á que se refiriu, é que se pode recadar máis que o custe do servizo. Iso non é razonable. Non pode ser unha fonte de financiamento para o Concello.

*Sr. Fernández Comesaña:* Insiste en que hai xente que agora entra a pagar. A penalización para rendas más baixas é clara. Se algún servizo pode ser deficitario debería ser este e non tender a obter beneficio.

*Sra. Alonso Macías Jorreto:* Nada di que o Concello vaia a obter beneficio. Pode ocorrer todo o contrario.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non entende as posturas que critican que quen máis ten máis pague. Agora o custe do servizo é menor, e iso beneficia aos usuarios. O cadro da dependencia está no decreto. O da libre concorrenza obedece a unha proposta do servizo de asistencia social. Non se pretende facer negocio con isto. Nin sequera se chegan a cubrir os custos directos.

**Votacións e acordo.-** Previas as votacións ordinarias que se indican, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PP.
- Votos en contra: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Abstencións: 1; Sr. Vilas González, concelleiro non adscrito.

Á vista do empate, procédese a unha segunda votación (art. 100.2 do ROF), obténdose o mesmo resultado. Persistindo o empate, e co voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.3.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais acordou dictaminar favorablemente, a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

O Organismo Augas de Galicia remite para a súa aprobación o texto de convenio que a seguir se transcribe e que contén algúns cambios en relación co aprobado o 24 de xullo de 2013 polo pleno do Concello. As diferencias consisten basicamente en que se elimina da parte expositiva a mención ás actuacións, incluíndose agora na cláusula segunda a relación das obras a contratar tanto por Augas de Galicia como polo Concello de Nigrán. Deste xeito, a súa determinación xa non queda diferida ao que decida a Comisión de Seguimiento. Ademais, na cláusula terceira, o financiamento de Augas de Galicia concéntrase nas anualidades de 2014 e 2015, cun importe de 400.000 euros cada unha delas, manténdose as que afectan ás obras a financiar polo Concello, ao tempo que se incorpora a aplicación orzamentaria que lle serve de soporte. Por outra parte, corríxese a numeración das cláusulas oitava e novena que pasan a ser a séptima e oitava, e na primeira delas elimínase o parágrafo inicial referido á modificación do convenio.

#### **Texto:**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO DE NIGRÁN.**

*En Santiago, a ----- de 2013.*

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobados polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.*

*Doutra parte, D. Alberto Valverde Pérez, alcalde do Concello de Nigrán, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Régime Local.*

#### **EXPOÑEN**

**Primeiro.**- O Concello de Nigrán exerce, entre outras, as competencias de protección do medio ambiente, regulada no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de régimen local, e no artigo 80.2.f) da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia atribúe aos concellos competencias medioambientais, nos termos da legislación do Estado e das Comunidades Autónomas, tendo en concreto as competencias de protección do medio ambiente, o suministro de auga e o tratamento de residuos, sumidoiros e tratamiento de augas residuais, segundo o establecido no artigo 80.2.l) da citada Lei 5/1997.



**Segundo.-** Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG nº 222, de 18 de novembro de 2010) e regulada polo Decreto 32/2012, de 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG nº 9, de 13 de xaneiro de 2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Considéranse incluídas dentro do seu obxecto a preparación e a contratación de obras e servizos e o establecemento de convenios ou acordos de colaboración e cooperación con administracións e entidades públicas para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto do ente público.

**Terceiro.-** A citada Lei 9/2010, de 4 de novembro, atribúe no seu artigo 26 á Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma as competencias para a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás corporacións locais nas materias da súa competencia.

**Cuarto.-** Na actualidade o Concello de Nigrán dispón dun servizo municipal de abastecemento de auga moi deficiente.

Na ETAP existe un depósito que ten unha capacidade limitada en previsión da demanda futura, por este motivo é urgente a execución de dous novos depósitos: un novo depósito na zona este de Nigrán, destinado principalmente ao abastecemento dos núcleos rurais interiores e outro novo depósito que abasteza a demanda que se podería xerar como resultado de novos desenvolvimentos urbanos no sur.

En canto ás redes de distribución existentes resulta necesaria a realización de actuacións puntuais de mellora co obxectivo de prolongar algunas conduccións e de favorecer as conexións da rede.

Polo que respecta ao saneamento, no termo municipal de Nigrán coexisten redes de saneamento unitarias e redes de saneamento separativas.

Nas redes unitarias, mestúranse as augas fecais coas pluviais o que implica numerosos problemas de axuste dos parámetros de depuración e de colapso dos colectores de saneamento, sendo necesaria a execución de redes separativas de augas nas zonas nas que, na actualidade, as redes sexan unitarias.

Do mesmo xeito, é fundamental a instalación dunha axeitada rede de saneamento nos lugares nos que non existe, como vía para reducir o emprego dos pozos/fosas sépticas como sistema de evacuación de augas residuais, uso que en numerosas ocasións se traduce en filtracións ao solo cos conseguintes problemas de contaminación medioambiental tanto no medio terrestre como nas augas subterráneas.

En consecuencia, e tendo en conta os beneficios que se derivan tanto para os habitantes da zona como para o entorno natural, a Xunta de Galicia pretende executar determinadas obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en réxime de colaboración co Concello de Nigrán.

En virtude do anteriormente exposto, as partes, actuando mediante as representacións indicadas, subscriven e formalizan o presente convenio con suxeición ás seguintes:

## CLÁUSULAS

## **PRIMEIRA.- OBXECTO**

É obxecto deste Convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Nigrán para a execución de determinadas obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas do Concello de Nigrán.

Estas obras promoven a mellora do medio ambiente, contribuíndo ao obxectivo transversal de sostenibilidade e protección medioambiental.

## **SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES**


Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

A.-Augas de Galicia obrígase a:

- Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio que se concretan na cláusula seguinte.
- Contratar, mediante os oportunos expedientes, as seguintes obras, a executar por un importe total de OITOCENTOS MIL EUROS (800.000 Euros):
  - Ampliación rede abastecemento A Parada e depósito.
  - Saneamento en Ceán, Lagoiña e Xestal.
  - Saneamento en Mestra Emérita e C-550.
  - Saneamento en Rúa Palomar e Ramal.
  - Saneamento en Camiño Piñeiro e Rúa Dehesa.
  - Saneamento en Camiño do Rincho.
- O control, dirección, execución e coordinación das actuacións necesarias para a execución dos proxectos das obras enriba citadas e, unha vez executadas, a súa recepción.
- Entregar as citadas obras ao concello, unha vez sexan recibidas de conformidade, co fin de que por este sexa asumido o seu mantemento e conservación.

B.- O Concello de Nigrán obrígase a:

- Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio que se concretan na cláusula seguinte, remitindo a Augas de Galicia o compromiso de efectuar as achegas correspondentes.
- Contratar, mediante os oportunos expedientes, as obras que a continuación se detallan, a executar por un importe total de DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000 Euros):
  - Tanque de tormenta zona perimetral Porto do Molle (Saneamento).
  - Saneamento en Camiño do Monte, Camiño Regueiro e outras ampliacións.
- O control, dirección, execución e coordinación das actuacións necesarias para a execución dos proxectos das obras enriba citadas e, unha vez executadas, a súa recepción.
- Prestar, no seu momento, conformidade cos proxectos técnicos das obras e emitir a certificación acreditativa, se procede, de ter sometido a información pública os proxectos, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles e, no seu caso, un informe sobre as alegacións presentadas.
- A posta a disposición efectiva, mediante certificado, libre de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras e aportar, de ser o caso, os correspondentes permisos, licenzas e autorizacións necesarias para levalas a cabo.
- Renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.



- Respecto das actuacións que contrate Augas de Galicia: asumir, de forma definitiva, unha vez terminadas e recepcionadas as obras por Augas de Galicia e previa entrega destas ao Concello, a explotación, mantemento e conservación das mesmas. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 4 do Decreto 246/1992, de 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público.
- Respecto das obras que contrate o concello: asumir, de forma definitiva, unha vez terminadas e recepcionadas as obras polo Concello, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

#### **TERCEIRA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO**

O custo total das actuacións contempladas ascende a 1.000.000 Euros (UN MILLÓN DE EUROS), que serán financiadas de acordo co seguinte réxime:

Augas de Galicia financiará a totalidade das obras descritas no apartado A) da cláusula segunda do convenio, sendo o custo total de todas estas actuacións de 800.000,00 Euros (OITOCENTOS MIL EUROS), para o que existe crédito suficiente e axeitado na conta nº 230, "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

- 2014: 400.000 Euros
- 2015: 400.000 Euros

Estas actuacións encádranse dentro do eixe 3, temas prioritarios 45, actuación 2 (renovación, mellora, optimización e desenvolvemento de novas infraestruturas de abastecemento tales como presas pequenas, encoros, captacións, depósitos reguladores, estacións de tratamento de auga potable, redes de distribución e sistemas de automatización e control), e 46, actuación 3 (construcción de novas redes de colectores –saneamento e pluviais- e emisarios), comprendidos dentro do programa operativo FEDER Galicia (2007-2013), coa porcentaxe de cofinanciamento comunitario do 80%.

O Concello de Nigrán financiará a totalidade das obras que descritas no apartado B) da cláusula segunda do convenio, sendo o custo total de todas estas actuacións de 200.000,00 Euros (DOUSCENTOS MIL EUROS), para o que existe crédito suficiente e axeitado na aplicación orzamentaria 1316160902 "Saneamento para mellora ambiental no parque empresarial de Porto do Molle" coa seguinte distribución de anualidades:

- 2013: 150.000 Euros
- 2014: 25.000 Euros
- 2015: 25.000 Euros

#### **CUARTA.- EXECUCIÓN E MODIFICACIÓNES ORZAMENTARIAS**

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras repercutírase coa mesma fórmula de reparto en canto ao financiamento, é dicir, as baixas das obras licitadas por Augas de Galicia serán aplicadas aos orzamentos desta entidade e as baixas das obras licitadas polo Concello de Nigrán serán aplicadas aos orzamentos do Concello. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións dos proxectos de execución así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas deste mesmo xeito.

Dado que esta actuación está financiada con fondos europeos 2007-2013 (FEDER 713), deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos

*documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER, en concreto o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, do 11 de Xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión; o Regulamento 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional; así como o Regulamento (CE) Nº 1828/2006, da Comisión, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) Nº 1083/2006 (modificado polo Regulamento (CE) Nº 846/2009).*

*Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade –orde EHA/524/2008- do gasto do Programa Operativo FEDER, así como as normas de información e publicidade establecidas na Guía de Publicidade e as demais normas comunitarias que sexan de aplicación.*

#### **QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

*Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello de Nigrán para desenvolver as seguintes actuacións:*

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

*Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade. Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.*

#### **SEXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO**

*O convenio xurdirá efecto desde a data da súa sinatura e se estenderá a todo o período de execución das obras hidráulicas ás que o mesmo se refire.*

*En todo caso, o convenio rematará o día 30 de xuño de 2016.*

*O convenio poderá ser prorrogado mediante a tramitación da oportuna addenda.*

#### **SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

*O presente convenio poderá resolverse por alguma das seguintes causas:*

- Polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.
- Por mutuo acordo.

#### **OITAVA.- NATUREZA**

*Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo, sendo a xurisdición competente para resolver as cuestión litixiosas que poidan xurdir a contencioso-administrativa.*

#### **NOVENA.- PUBLICIDADE.**

*Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente,*



*con expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.*

*En virtude co disposto no parágrafo anterior as partes consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.*

*Así queda redactado o presente convenio que en proba de conformidade asinan os comparecientes por triplicado exemplar na cidade e data indicados no encabezado.*

PRESIDENTE DE AUGAS DE GALICIA

O ALCALDE DO CONCELLO DE NIGRÁN

*Agustín Hernández Fernández de Rojas Alberto Valverde Pérez*

---

Tendo en conta a normativa que se cita no texto transscrito e demais de aplicación, proponse ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar o texto final do convenio proposto, asumindo os compromisos municipais que contén.

**Segundo.-** Facultar ao Alcalde para subscribir convenio en representación do Concello de Nigrán e para realizar as demais actuacións necesarias para a execución do acordado.”

---

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Expón os antecedentes e as diferencias formais coa xa aprobado. As obras aparecen enumeradas na proposta (dálle lectura). E sinala que hai memorias valoradas que serven de base.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Xa votaron a favor no Pleno anterior. Manteñen o seu pronunciamento.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Mantén a súa postura de abstención.

*D. Antonio Fernández Comesaría, do grupo mixto:* Basicamente coincide co xa aprobado. Hai un axuste nas anualidades da Xunta. Non varía a cantidade. Aparece agora unha memoria valorada susceptible de axuste. Hai máis información, que lle permite reconsiderar a súa abstención. Votará a favor, aínda que subsisten algunas deficiencias.

*Sr. Alcalde-Presidente:* As cifras poden axustarse ao redactarse os proxectos. A posición favorable do grupo popular a un investimento destas características é evidente.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE, Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, non adscrito
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola da Comisión Informativa.

#### **I.4.- REXEITAMENTO DE MULTA IMPOSTA A VECIÑO DE NIGRÁN**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais ditaminou favorablemente a moción subscrita polo Portavoz do grupo Socialista Sr. González Pérez e polo Sr. Rodríguez Fernández (BNG).

**Deliberación.**- Síntese das intervencións:

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Explica os motivos da iniciativa. Impediuse a entrada a persoas que querían acceder ao Pleno no que se debatía a aprobación inicial do PXOM. Os que non puideron entrar fixeron ruído, pero non alteraron a orde. Só querían escutar. Non houbo altercados. Un representante veciñal foi sancionado pola Subdelegación do Goberno por alteración da orde. PSOE e BNG lamentan esta situación e que unha persoa pague polo que non fixo. Por iso se pide que se arquive pola Subdelegación do Goberno esta sanción, dado que se equivoca ao atribuírse unha conduta que non se produciu.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Os veciños querían exercer o seu derecho a asistir ao Pleno e non puideron porque non se lle permitiu o acceso. Quedaron fóra e reclamaban o seu derecho a escutar. Non hai incidente algúin que motive a sanción. Trátase de amedrentar aos que reclaman os seus derechos.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Que o seu grupo estea en contra do PXOM non quere decir que acepte expresións de violencia. Non quere pensar en complicidades partidistas. Non se pode amedrentar aos que teñen que tomar as decisións. Non ten sentido traer este tipo de mocións, porque ningunén ten derecho a tomarse a xustiza pola man. Rexeita a moción.

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* O PP non vai cuestionar as funcións das Forzas e Corpos de Seguridade no Estado.

*D. Manuel Doldán Costas, do grupo socialista:* Aprecia en certas intervencións no Pleno falta de solidariedade con quen traballa no terreo da participación veciñal. Isto non quere decir que apoie accións contra bens públicos, pero este non é o caso. Aquí trátase de ser solidario cos colectivos veciñais, calquera que sexa a súa cor política.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Éinxusto e non hai dereito a esta actuación sancionadora. Non se incumpriu ningunha lei. Na base da sanción está unha cualificación errada por parte da Garda



Civil de Baiona. Non hai ningunha manifestación non autorizada. Non hai base para a sanción, que se converte nun medio para amedrentar, como noutrous casos semellantes.

*Sr. Fernández Comesaña:* Hai quen pode ampararse nun colectivo para tomar partido político. O papel das asociacións deberá ser outro. A solidariedade tamén se presta á demagogoxia. Todos debemos respectar as normas, e atérmonos ás consecuencias cando as incumprimos.

*Sr. García Pazos:* Ao Sr. Rodríguez Fernández dille que a enerxía gastada na defensa da moción sería máis proveitosa se a aplicase en suxerir ao interesado argumentos para o recurso.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O veciño afectado estivo no Pleno. Non sabe o que fixo cando saíu. Non é unha cuestión de solidariedade. Non comparte que se cualifique como sanción política, nin que se diga que o goberno local persigue aos veciños. Esta é unha afirmación gratuita e tampouco se pode atribuír parcialidade ás forzas de seguridade.

*Sr. Doldán Costas:* Só se referiu a ser solidarios, sen entrar noutras valoracións, sobre todo cando non houbo danos a bens públicos.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Sería un delito que o Alcalde interceda ante outra autoridade para que quite unha sanción. O grupo Popular absterase e pide que se elimine a alusión a que a súa actuación foi inquisitorial.

*Sr. Fernández Comesaña:* Hai precedentes de alentar a terceiros a que actúen contra representantes políticos. Pola forza non se poden cambiar as decisións dos órganos representativos.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Pensan que a resolución sancionadora non é axustada a dereito. Pódese cambiar esa alusión ao goberno.

*Sr. González Pérez:* Está disposto a quitar toda a exposición de motivos. O importante é que non se sancione a quen non fixo nada.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Abstencións: 9; PP e Sr. Vilas González, concelleiro non adscrito.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, modificando a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, adopta os seguintes acordos:

**Exposición de motivos:**

O pasado 14 de xuño de 2013 e ante a celebración do Pleno Extraordinario convocado co fin de aprobar de xeito inicial o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán un grupo de veciños e veciñas intentou acceder ao salón de plenos co fin de

escoitar aos concelleiros/as e grupos políticos.

Cando intentaron entrar no salón de plenos a súa entrada foi impedida pola Policía Local de Nigrán argumentando que o salón estaba cheo.

Dada a transcendencia do que en ese Pleno íase tratar a reacción dos/as que non puideron entrar no mesmo foi de protesta ruidosa pero totalmente respetuosa e en ningún momento supuxo a alteración do orden público.

Uns 100 veciños e veciñas expresaban a súa disconformidade polo xeito de aprobar este documento de vital importancia para Nigrán. Un medio periodístico allí presente o reflexou así: "El ambiente está aún más acalorado y sonoro en el exterior desde donde un centenar de vecinos censuran el documento con gritos, bocinas y sirenas. En el salón ya ha habido varias llamadas al orden y comienzan a dar golpes en las ventanas porque: «Queremos escoitar».

E iso é xustamente o que os ali congregados buscaban "escoitar".

O Pleno rematou de xeito pacífico sen altercados e cada concelleiro/a, tanto de goberno como de oposición, abandonaron seu lugar sen que houbese problemas de orden público.


De xeito sorprendente unha das persoas congregadas entre o público e Presidente da Asociación de Veciños "O Castro" de Chandebrito, Víctor Manuel Vidal Otero, recibe 3 meses despois unha comunicación da Subdelegación do Goberno en Pontevedra no que se lle comunica a imposición dunha sanción económica de 500€ por "alteración do orde público" tras unha denuncia da Garda Civil, non quixéramos imaxinar que a instancias do goberno do PP de Nigrán.

Dita denuncia afirma que "el denunciado como dirigente y portavoz de una manifestación no autorizada de unas 100 personas disconformes con el PXOM, efectuándose en ese momento un pleno extraordinario para la aprobación del citado plan, explicando el denunciado a todos los reunidos los motivos de la reunión, informando a los presentes de las distintas fases del pleno, intentando dirigir a los presentes para que pertubaran el normal desarrollo del pleno mediante ruído, gritos y silbatos, llegando incluso a golpear los cristales del consistorio".

Todo isto é cualificado como infracción administrativa "Grave" sobre a protección da seguridade cidadá, sancionable cunha multa de 300,52€ a 30.050,61€".

As valoracións sobre esta denuncia e sobre os actos "presuntamente delictivos" achacados a este dirixente veciñal debería facernos reflexionar a todas as persoas que ocupamos un cargo ou posto político e sobre todo debería facer reflexionar a aqueles que buscan nos cidadáns e nos seus representantes veciñais a inimigos aos que hai que enfrentarse e non cos que hai que atopar camiños de entendemento.

Acordos:



- Condenar e presentar a súa más contundente repulsa á resolución da Subdelegación do Goberno en Pontevedra en contra do veciño de Nigrán, Víctor M. Vidal Otero.
- Instar e solicitar á Subdelegación do Goberno en Pontevedra a que proceda de xeito inmediato ao arquivo de dito expediente e polo tanto a retirada de cualificación de dita persoa como delincuente así como á retira da sanción imposta.
- Dar comunicado á Subdelegación do Goberno en Pontevedra do acordo tomado en este Pleno do Concello de Nigrán.

#### I.5.- SITUACIÓN DOS PENSIONISTAS QUE TRABALLARON NO ESTRANXEIRO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais, á vista das mociones presentadas polos grupos popular e socialista, acordou, por unanimidade, formular ó Pleno Municipal a seguinte proposta de acordo:

Adherirse ó acordo do Parlamento Galego do 11/09/2013 sobre a situación dos pensionistas que traballaron no estranxeiro e en consecuencia,

Solicitar do Goberno de España que, na inspección que se está dirixindo por parte da Axencia Estatal da Administración Tributaria a pensionistas que á súa vez teñán pensións da emigración, tendo en conta as actuais circunstancias de recesión económica, os altos niveis de desemprego e o empobrecemento das familias, moitas das cales hoxe dependen, para a súa supervivencia, dos ingresos mensuais destes pensionistas nos seus fogares, adopte as seguintes medidas:

1. Regularizar a situación dos pensionistas sen consideralos como defraudadores fiscais, ofertando información pormenorizada e homoxénea das súas obrigas fiscais.
2. Habilitar, para o caso de que teñan que afrontar pagos polas súas declaracions complementarias, períodos de pagamento máis longos que os estipulados habitualmente, en aras de evitar un quebranto económico nas unidades familiares destes pensionistas.
3. Eximir do pago de sancións a aqueles pensionistas que regularicen a súa situación fiscal.
4. A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacions deste tipo poidan volver producirse no futuro.
5. Que se teñan en conta todos os criterios anteriores para estimar os recursos que se presenten ante as sancións xa comunicadas.

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Sr. Alcalde-Presidente:* Resume a proposta que acadou o apoio unánime na comisión informativa, e pide a ratificación.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Manifesta que el tamén apoia a iniciativa.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola da Comisión Informativa.

## **II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBIERNO**

### **II.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 2 de setembro de 2013 e o 30 de setembro de 2013, ambos incluídos.

---

### **II.2.- ROGOS E PREGUNTAS**

**1. D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:**


1.1. ¿Sabe como vai afectar a modificación da Lei do solo en Galicia no desenvolvemento do Plan Xeral?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos nun período no que os interesados poden fazer alegacións a esa modificación. Desde aquí se mandaron unha serie de suxestións por parte dos técnicos municipais, que, se as queren, se lle pasarán.

1.2. ¿En canto ao anuncio do taxazo do lixo, hai algunha postura por parte deste Concello de aceptalo ou de rexeitalo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Tivemos notificación por parte de SOGAMA que para o ano habería un incremento que en cifras está cerca dos 187.000 euros, e o que temos pensado facer desde o goberno municipal é non repercutir ese custe nos veciños, asumilo, pero coa vantage de que este concello, posta en marcha a actualización do padrón do lixo, os datos que saen desa actualización permiten que con esas novas altas que se incorporan, se poida mitigar ese incremento.

1.3. Fai 15 días anunciaron un convenio cun particular, para un aparcamento no centro de Nigrán e despois de buscalo, non o atopei.



*Sr. Alcalde-Presidente:* Téñoo eu na miña mesa.

*Sr. González Pérez:* Pido unha copia.

**2. D. Manuel Doldán Costas, do grupo socialista:**

2.1. A baixada de Panxón neste momento está como aparcamento. Pregunto se nesta época que non hai ningúén aparcado se pode volver á situación orixinal, porque os veciños da parte de atrás de Panxón teñen que ir a coller o transporte público ao cruce dos Quijotes. Hai outro tema de risco, que no final do aparcamento, na entrada para o camiño dos Lagos hai un valo, porque para min o aparcamento está no lado equivocado. Debería estar no lado da esquerda, porque ao chegar ali hai que xirar para o camiño dos Lagos. Entón os que saen pola esquerda xiran sen visibilidade para meterse á dereita outra vez e os que van do centro de Panxón para o citado camiño atópanse co que lle sae pola esquerda e cruza á dereita. Xa houbo un accidente.

2.2. Na zona que está no camiño Filgueira, que se revise que hai unha doazón ante notario, do propietario que construíu. Hai un camiño que está cortado. Que se pase unha máquina para recuperar ese acceso rodado.

2.3. ¿Hai algúun proxecto en Panxón, en Álvaro Mourelle, para cambiar o pavimentado? ¿Avanzouse algo no camiño da Gaivota para chegar a facer algo naquel tramo de enlace?

*Sr. Alcalde-Presidente:* No camiño da Gaivota de momento non hai nada. En Álvaro Mourelle hai unha obra de humanización dentro do plan de inversíons da Deputación deste ano, que a petición de moitos veciños o que se pediu foi cambiar o adoquinado, que xera bastantes inconvenientes, sobre todo na parte que cruza Álvaro Mourelle dende o Paseo, porque hai persoas con mobilidade reducida ás que se lle xeran bastantes problemas. O plantexamento que hai é sacar o adoquinado e colocar a pedra que se sacou de Ramallosa.

**3. D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:**

Eu quería reiterar que me gustaría contar coas aportacións dos técnicos á Lei do solo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Lle pasaremos copia a todos os grupos.

**4. D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:**

4.1. O sinal que está xusto encima do paso de peóns da Ramallosa fronte ao cine, agora coincide que está tapado coas árbores que ainda están sen podar. Que se desprace máis cara atrás para que os coches a poidan mirar con antelación suficiente.

4.2. Que se nos faciliten copias das sentencias que se produzcan no Concello, tanto

favorables como desfavorables e tanto de temas urbanísticos como doutro tipo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Están á súa disposición.

4.3. En relación co convenio do aparcamento, eu pedino no anterior Pleno, quedou en darme copia e ainda estou esperando.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Lla daremos agora.

4.4. Tamén estou esperando copia do expediente das actuacións de mobilitade na Rúa do Mariñeiros, informes etc.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos preparando as copias.

4.5. ¿Me pode dicir en que situación se atopa a incautación de aval do SAU-3; se xa foi ingresado por parte do Banco Popular?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O que estamos é respondendo ao seu recurso e vamos a facer esa resposta atendendo parcialmente ao que nos di, porque o que nos plantexa é que o importe necesario para facer as actuacións non é o total dos avais, e polo tanto falarei cos servizos xurídicos desta casa para axilizar e que isto non vaia a un posible contencioso, aceptando parcialmente ese recurso facendo nós a valoración cun proxecto das obras necesarias e que se poida incautar parcialmente.

*Sr. Fernández Comesaña:* Ao mellor nos podemos encontrar coa desagradable sorpresa de que as obras que faltan por executar superen o importe do aval dada a súa antigüidade.

4.6. Como tamén se están levando a cabo incautacións de avais en determinados supostos, por incumplimientos de urbanización, etc, en diversos lugares do municipio, me gustaría saber se o Concello se vai a conformar só con recadar o importe do aval, e que vai pasar coas obras de urbanización se non están feitas, e naqueles casos onde nos peches de finca están incumprindo ou non se materializou a cesión, se se vai a levar a cabo tamén.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Por suposto que si hai unha actuación sen fazer e hai un aval para garantila. Farase.

4.7. Na urbanización da Romana se está procedendo á incautación de avais. ¿Que criterios se están seguindo para que nalgúns casos se proceda á devolución e noutros non, cantes están devolto, cantes sen devolver e cantes están en trámite?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Creo que na Romana hai 17 expedientes. O criterio que se utiliza é o legal, naqueles nos que se demostra que o que tiña que facer a actuación a fixo, se devolve o aval, e o criterio que se está utilizando para iso é se esa propiedade ten licenza de primeira ocupación ou non, a aquel que a ten se lle devolve, e o que non, se lle incauta. Dos 17 creo que se devolvieron cinco ou seis.

4.8. ¿Nigrán ten acceso á ventanilla única da Xunta?.



*Sr. Alcalde-Presidente:* Nigrán ten un convenio asinado coa Xunta, e temos unha discusión aberta o Secretario e eu sobre ese asunto, que esperemos resolver en breve.

4.9. Con respecto ao punto de información catastral, Nigrán tampouco ten este acceso, soamente se permite na oficina do ORAL na Ramallosa. ¿Ten previsto asinar algún convenio co catastro ou pensa que co ORAL é suficiente para os veciños?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O ORAL ten delegadas atribucións, e unha pode ser esa. Vostede sabe que a loxística desta casa é a que é. O servizo que se está dando a través do ORAL é correcto.

4.10. ¿Ten vostede coñecemento de que a través da Xefatura da policía se están enviando á Xunta denuncias dalgúns locais por incumprimento dalgunha normativa?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Sei que hai notificacións da Policía á Xunta en varios aspectos.

*Sr. Fernández Comesaña:* ¿Non lle sorprende que dun órgano que depende de vostede poidan remitir sen coñecemento do Alcalde e que se entere cando lle remite a Xunta un escrito pedindo que se actúe en consecuencia da denuncia feita dende a Policía Local?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non creo que sexa así.

*Sr. Fernández Comesaña:* Teño aquí un papel de que o 16 de setembro hai un parte da Policía e que foi entregado no rexistro da Xunta de Galicia o 10 de outubro de 2013.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu son informado de todo. Hai denuncias da Policía, por exemplo as que envían á Subdelegación, que non teñen que pasar por mi.

*Sr. Fernández Comesaña:* ¿Por que nuns casos se mandan e noutrós non?

4.11. Parece ser que se vai a sacar a parada de taxis de Nigrán, ¿é certo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* A parada de taxis está neste momento fronte ao novo edificio do Concello, e o que hai é o proxecto de converter esta zona nunha praza pública. Estamos falando cos taxistas para ver onde se poden reubicar, onde mellor lle conveña a eles e a nós. Hai varias posibilidades.

4.12. ¿Con respecto ao paseo de Panxón, que se derrubou recentemente, vostede anunciara na prensa que se iba a facer un informe para saber en que situación se atopa o resto do paseo, como está ese informe e como está prevista a reposición do paseo?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hai dous informes, un que lle encargamos a un enxeñeiro da Deputación, porque nese momento a nosa enxeñeira estaba de baixa, e posteriormente a enxeñeira fixo outro. Se enviaron a Costas, e Costas me informa que nos próximos días serán eles os que fagan a actuación para arranxar o paseo.

4.13. ¿Xa foi aboada a factura que presentou o equipo redactor do Plan Xeral pola

elaboración da documentación para a aprobación inicial?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pagouse onte, porque hoxe vencía o prazo para pedir a subvención á Xunta. Había uns problemas en canto á documentación que non facilitaran, como eran os soportes informáticos, xa os enviaron, e polo tanto xa está pagada.

*Sr. Fernández Comesaña:* Me chamou a atención que o Concello tivera que contratar cunha empresa, GARPE, para que elaborara as copias dos planos da exposición ao público, uns tres mil e pico de euros. ¿Se lles descontou ese importe?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Nós o que fixemos naquel momento foi unha impresión de comprobación para saber se os soportes informáticos que nós tiñamos correspondían co que era o documento físico. Fixemos á parte unha impresión para ter coñecemento do que viña nos CDs era o mesmo do formato impreso. Foi unha comprobación a maiores.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.